

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 24 de xuño de 2003 pola que se establece a información que deben conter os documentos emitidos polos organismos de control autorizados, para a avaliación da conformidade dos equipos, instalacións e produtos industriais coa normativa de seguridade industrial.

O Decreto 426/2001, do 15 de novembro, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regulamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial de Galicia establece na súa disposición adicional, que serán obxecto de normativa específica os datos identificativos das instalacións industriais que deberán facilitar á Administración os organismos de control no exercicio da súa función inspectora.

Nesta orde establécese o contido que debe figurar na documentación emitida polos organismos de control autorizados en relación coas máquinas, equipos e instalacións sometidos a regulamentos de seguridade industrial.

Establecese tamén o procedemento de tramitación e comunicación á administración da documentación emitida polos organismos de control autorizados, segundo o previsto no capítulo III do Decreto 426/2001, do 15 de novembro.

Regulase, así mesmo, a situación dos inspectores cualificados con anterioridade á entrada en vigor do mencionado decreto, e que non reúnen os requisitos establecidos no seu artigo 6º.

Na súa virtude, e no uso das competencias que a Consellería de Innovación, Industria e Comercio ten atribuídas na materia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establece-la información que deben conter os documentos emitidos polos organismos de control autorizados, para a avaliación da conformidade dos equipos, instalacións e produtos industriais coa normativa de seguridade industrial.

Así mesmo, establécese a información que os organismos de control autorizados deben subministrar á administración competente en materia de industria como consecuencia das actividades que realicen.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta orde é de aplicación ós organismos de control autorizados para realizar actuacións reguladas pola

normativa de seguridade industrial no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Contido dos documentos emitidos polos organismos de control autorizados

Con carácter xeral, os informes, actas, protocolos ou certificacións que, como consecuencia das súas actuacións, presenten os organismos de control autorizados á administración, no seu propio nome ou en nome dos titulares das instalacións, conterán, os datos que se recollen no anexo I.

Ademais, deberán conter a información establecida nas disposicións legais, regulamentos específicos ou instrucións técnicas complementarias que sexan de aplicación ós equipos, instalacións ou produtos de que se traten, segundo os modelos incluídos no anexo II.

Artigo 4º.-Conformado de certificacións.

Os documentos ás que se refire o artigo 3, deberán ser presentados para o seu conformado en calquera das delegacións provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, nun prazo máximo de dez días xunto co xustificante de pagamento da correspondente taxa.

Un exemplar da documentación conformada deberá ser entregado ó titular da instalación, outro quedará en poder do organismo de control autorizado e o terceiro en poder da delegación provincial.

Artigo 5º.-Técnicos competentes.

Terán a consideración de técnicos competentes para a realización das inspeccións de avaliación da conformidade os que cumpran os seguintes requisitos:

1.-Estar incluído na relación de inspectores que o organismo de control autorizado comunicará para a súa inscrición na sección C da división de axentes autorizados para colaborar coas administracións públicas do rexistro de establecementos industriais no momento de asina-la documentación derivada da súa actuación.

2.-Cumprir os requisitos establecidos nos artigos 6º e 8º do Decreto 426/2001, de 15 de novembro, para poder realiza-las ditas avaliacións.

Artigo 6º.-Comunicación da actividade dos organismos de control autorizados.

Con periodicidade mensual os organismos de control autorizados deberán remitir á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a seguinte información:

1.-Planificación das actividades que se realizarán durante o mes seguinte. Esta información deberá estar en poder da dirección xeral polo menos cinco días antes do comezo do mes.

2.-Informe das actividades realizadas no mes anterior, cos datos que se recollen no anexo III.

A Consellería de Innovación, Industria e Comercio adoitará a medidas necesarias para que a dita información sexa comunicada a través de medios telemáticos.

Disposición adicional.

Os inspectores cualificados segundo o sistema de calidade dos organismos de control autorizados e que estiveran prestando os seus servicios nalgún campo regulamentario antes da entrada en vigor do Decreto 426/2001, pero que de acordo co recollido no seu artigo 6º non reúnan os requisitos establecidos no mesmo, poderán seguir realizando a súa actividade naqueles campos nos que estiveran cualificados polo organismo de control autorizado.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó previsto nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ós trinta días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2003.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I

Contido mínimo dos documentos emitidos polos organismos de control autorizados.

- 1) Nº de acreditación de ENAC.
- 2) Órgano competente e data na que foi autorizado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3) Tipo de inspeccións e probas: inicial, periódica ou de reparacións ou modificacións.
- 4) Normas polas que se rexen as inspeccións e probas.
- 5) Nº de rexistro do documento.
- 6) Nome ou razón social do titular da instalación.
- 7) Número de rexistro de establecemento industrial ou número de rexistro da instalación, se é o caso.
- 8) CNAE do establecemento industrial.
- 9) Localización da instalación.
- 10) Datas de realización da actuación e da emisión do informe, acta, protocolo ou certificación.
- 11) Laboratorio acreditado que realizou os ensaios requiridos, se é o caso.
- 12) Deficiencias e anomalías atopadas, indicando a norma de aplicación ou da ITC correspondente, e prazo para a súa reparación.
- 13) Nome, apelidos, e sinatura do inspector autorizado que realizou a avaliación da conformidade.

ANEXO II

Información das disposicións legais específicas de aplicación ós equipos

1.- REGULAMENTO DE APARELLOS A PRESIÓN

Anagrama da empresa: Número de ENAC: Data da autorización
Comunidade Autónoma

Nº de asunto: PERIÓDICA REPARACIÓN

TITULAR

NOME: RAZÓN SOCIAL: R.I.

ACTIVIDADE: CNAE:

LOCALIZACIÓN:

SUBESTACIÓN CENTRO TRANSFORMACIÓN LINAS

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Descrición

Tensións

Potencia

Protección AT

Protección BT

PROBAS REALIZADAS:

Deficiencias:

Prazo de execución:

Data próxima revisión

Nome Apellidos: Data:

2.- REGULAMENTO DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS

Anagrama da empresa: Número de ENAC: Data da autorización
Comunidade Autónoma

Nº de asunto: PERIÓDICA REPARACIÓN

TITULAR

NOME: RAZÓN SOCIAL: R.I.

ACTIVIDADE: CNAE:

LOCALIZACIÓN:

SUBESTACIÓN CENTRO TRANSFORMACIÓN LINAS

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Descrición

Tensións

Potencia

Protección AT

Protección BT

PROBAS REALIZADAS:

Deficiencias:

Prazo de execución:

Data próxima revisión

Nome Apellidos: Data:

4.- REGULAMENTO DE GASES COMBUSTIBLES

Anagrama da empresa:		Número de ENAC:		Data da autorización Comunidade Autónoma	
Nº de asunto:		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	
INICIAL	<input type="checkbox"/>	PERIÓDICA	<input type="checkbox"/>	REPARACIÓN	<input type="checkbox"/>
TITULAR	<input type="checkbox"/>	RAZÓN SOCIAL:		R.I.	
NOME:		CNAE:			
ACTIVIDADE:		LOCALIZACIÓN:			
DOMÉSTICO	<input type="checkbox"/>	INDUSTRIAL	<input type="checkbox"/>		

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Empresa mantedora
 Marca - Tipo
 Volume
 Nº fabricación
 Placa D.I. certificante
 Nº depósitos

PROBAS REALIZADAS:

Tipo

Deficiencias:	Prazo de execución:
Data próxima revisión	Apellidos:
Nome	Data:

3.- REGULAMENTO DE ALMACENAMIENTO DE PRODUCTOS QUÍMICOS

Anagrama da empresa:		Número de ENAC:		Data da autorización Comunidade Autónoma	
Nº de asunto:		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	
INICIAL	<input type="checkbox"/>	PERIÓDICA	<input type="checkbox"/>	REPARACIÓN	<input type="checkbox"/>
TITULAR	<input type="checkbox"/>	RAZÓN SOCIAL:		R.I.	
NOME:		CNAE:			
ACTIVIDADE:		LOCALIZACIÓN:			

CARACTERÍSTICAS DA INSTALACIÓN

Marca de fabricación de depósitos fixos
 Tipo (aéreo, enterrado, semienterrado)
 Data de construción
 Volume en m³

Nº de fabricación
 Nº de planta de deseño
 Nº de placa de instalación
 Data proba reprrensado

Deficiencias:	Prazo de execución:
Data próxima revisión	Apellidos:
Nome	Data:

5.- REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS FRIGORÍFICAS

Anagrama da empresa: _____ Número de ENAC: _____ Data da autorización
Comunidade Autónoma

Nº de asunto: PERIÓDICA REPARACIÓN

TITULAR _____ RAZÓN SOCIAL: R.I.

NOME: _____ CNAE: _____

ACTIVIDADE: _____

LOCALIZACIÓN: _____ EMPRAZAMENTO: _____

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Denominación da instalación _____ Presión máxima de servicio _____

Marca _____ Volume _____

Tipo modelo _____ Categoría _____

Nº rexistro tipo (si se coñece) _____ Nº de placa _____

Nº de fabricación _____ Data de timbrado anterior _____

Presión máxima de servicio _____

PROBAS REALIZADAS: _____

Probas realizadas _____

Presión de proba _____

Tempo de proba _____

Deficiencias: _____

Prazo de execución: _____

Data próxima revisión _____

Nome _____ **Apelidos:** _____ **Data:** _____

6.- REGULAMENTO DE APARELLOS ELEVADORES GUINDASTRES

Anagrama da empresa: _____ Número de ENAC: _____ Data da autorización
Comunidade Autónoma

Nº de asunto: PERIÓDICA REPARACIÓN

TITULAR _____ RAZÓN SOCIAL: R.I.

NOME: _____ CNAE: _____

ACTIVIDADE: _____

EMPRAZAMENTO: _____

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Mantedor _____ Arriostada _____

Marca - modelo _____ Reenvío tipo _____

Nº fabricación _____ **INSPECCIÓN** _____

Data de fabricación _____ Altura _____

AI autoestable _____ Alcance _____

Alcance _____ Carga punta _____

Carga punta _____ Carga máxima _____

Carga máxima _____

PROBAS REALIZADAS: _____

INICIAL PERIÓDICA REPARACIÓN

Deficiencias: _____

Prazo de execución: _____

Data próxima revisión _____

Nome _____ **Apelidos:** _____ **Data:** _____

8.- REGULAMENTO DE INSTALACIONES PETROLÍFERAS

Anagrama da empresa: _____ Número de ENAC: _____ Data da autorización
Comunidade Autónoma

Nº de asunto: PERIÓDICA REPARACIÓN

INICIAL PERIÓDICA REPARACIÓN

TITULAR PERIÓDICA REPARACIÓN

NOME: _____ RAZÓN SOCIAL: R.I.

ACTIVIDADE: _____ CNAE: _____

LOCALIZACIÓN: _____

IP02 IP03 IP04

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Fabricante _____

Nº de fabricación _____

Volumen _____

Situación

Aéreo

Enterrado

Usuário _____

PROBAS REALIZADAS:

Tipo proba: _____

Deficiencias: _____

Prazo de execución: _____

Data próxima revisión _____

Nome _____ Apellidos: _____ Data: _____

7.- REGULAMENTO DE APARELLOS ELEVADORES ASCENSORES

Anagrama da empresa: _____ Número de ENAC: _____ Data da autorización
Comunidade Autónoma

Nº de asunto: PERIÓDICA REPARACIÓN

INICIAL PERIÓDICA REPARACIÓN

TITULAR PERIÓDICA REPARACIÓN

NOME: _____ RAZÓN SOCIAL: R.I.

ACTIVIDADE: _____ CNAE: _____

LOCALIZACIÓN: _____

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Marca _____

Tipo _____

Capacidade _____

Velocidade _____

Nº de paradas _____

Percorrido _____

Grupo tractor _____

Mantedor _____

PROBAS REALIZADAS:

INICIAL PERIÓDICA REPARACIÓN

SERVICIO NORMAL FORA DE SERVICIO SERVICIO PENDENTE

Deficiencias: _____

Prazo de execución: _____

Data próxima revisión _____

Nome _____ Apellidos: _____ Data: _____

ANEXO III

Data:

Anagrama do organismo

1.- COMUNICACIÓN PLANIFICACIÓN MENSUAL

	Establecemento industrial	Titular	Tipo de instalación	Tipo de proba	Data prevista	Observacións
Instalacións e aparellos a presión (AP).						
Instalacións eléctricas (RE).						
Instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ).						
Instalacións e aparellos para combustibles gasosos (GC).						
Instalacións frigoríficas (IF).						
Elementos e instalacións de aparellos de elevación e manutención guindastres (AE-guindastres).						
Elementos e instalacións de aparellos de elevación e manutención ascensores (AE-ascensores).						
Instalacións petrolíferas (IP).						
Accidentes graves (AG).						

9.- REGULAMENTO DE ACCIDENTES GRAVES

Anagrama da empresa: _____

Número de ENAC: _____

Data da autorización Comunidade Autónoma: _____

REPARACIÓN

PERIÓDICA

R.I.

RAZÓN SOCIAL: _____

CNAE: _____

Nº de asunto: _____

INICIAL _____

TITULAR _____

NOME: _____

ACTIVIDADE: _____

LOCALIZACIÓN: _____

CARACTERÍSTICAS DO ESTABLECEMENTO

Localización (zona urbana ou rural) _____

Incluído en polígono industrial _____

Superficie total ocupada _____

Superficie total edificada _____

Notificación presentada _____

Informe de seguridade presentado _____

Informe de seguridade actualizado _____

Deficiencias: _____

Prazo de execución: _____

Data próxima revisión _____

Nome _____

Apelidos: _____

Data: _____

Data:

Anagrama do organismo

2.- COMUNICACIÓN INSPECCIONES REALIZADAS MENSUAL

	Establecimiento industrial	Titular	Tipo de instalación	Tipo de proba	Data prevista	Observacións
Instalacións e aparellos a presión (AP).						
Instalacións eléctricas (RE).						
Instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ).						
Instalacións e aparellos para combustibles gasosos (GC).						
Instalacións frigoríficas (IF).						
Elementos e instalacións de aparellos de elevación e manutención guindastres (AE-guindastres).						
Elementos e instalacións de aparellos de elevación e manutención ascensores (AE-ascensores).						
Instalacións petrolíferas (IP).						
Accidentes graves (AG).						